XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

CÓDIGO DE PROXECTO: **PX-2025-001-M**

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

# ÍNDICE

**INTRODUCIÓN** ..... **3**

**MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN** ..... **5**

1. **CREACIÓN DE POSTOS**

1.1. OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA ..... 5
1.2. ASESORÍA XURÍDICA XERAL ..... 6

2. **MODIFICACIÓNS DE POSTOS**

2.1. CAMBIOS POR PUBLICACIÓN DO DECRETO DE ESTRUTURA ORGÁNICA 135/2024 ..... 7
2.2. MEDIDAS DE HOMOLOGACIÓN RETRIBUTIVA ..... 7
2.3. CAMBIO DE FORMA DE PROVISIÓN DE POSTOS ..... 9
2.4. CAMBIO CENTRO DESTINO E CODIFICACIÓN DE POSTOS ..... 11
2.5. CAMBIOS DE CODIFICACIÓN DE POSTOS ..... 11

2.5.1. ASESORÍA XURÍDICA XERAL ..... 11
2.5.2. DELEGACIÓNS TERRITORIAIS ..... 12

2.6. OBSERVACIÓNS EN POSTOS
2.6.1. MODIFICACIÓN OBSERVACIÓNS POSTOS S.X. PRESIDENCIA ..... 12
2.6.2. DESLOCALIZACIÓN DE POSTOS ASESORÍA XURÍDICA ..... 12

BORRADOR

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

## INTRODUCIÓN

Mediante o Decreto 48/2024, do 22 de abril, establécense os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Así mesmo, polo Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixouse a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O día 10 de marzo de 2025, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. Neste proxecto, amplíanse as competencias da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia e, en consecuencia, créase a Subdirección Xeral de Coordinación, Estudos e Seguimento. Así mesmo, na disposición derradeira cuarta do proxecto de decreto modifícase o Regulamento Orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que *"as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, alomenos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, e no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos".*

As relacións de postos de traballo (RPT) na Administración son o instrumento técnico ao través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos para o seu desempeño e determinación das retribucións complementarias.

Abundando neste senso, o Título IV da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sobre a organización do emprego público, recolle no o artigo 38, apartado 1, que a relación de postos de traballo, *"é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei"* e , no artigo 38, apartado 2, que *"a través da respectiva relación de postos de traballo, estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos"*. Así mesmo, establece, no apartado 3 do referido artigo 38, que *"os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente"*.

A vixente RPT da Presidencia da Xunta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 5 de agosto de 2022 (DOG núm. 153, do 11.08.2022);sendo modificada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 3 de marzo de 2023 (DOG núm. 48, do 9.03.2023), polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023 publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 20 de abril de 2023 (DOG

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal



BORRADOR

núm. 78, do 24.04.2023) e polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de decembro de 2023 publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 26 de decembro de 2023 (DOG núm. 3, do 4.01.2024).

En consecuencia, tendo en conta todo o anterior e tomando como referencia o artigo 69, do Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que establece no seu punto 1, que "*a planificación dos recursos humanos na Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade*", e a Orde da Consellería de Facenda do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989, pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para cubrilo (DOG núm. 90, do 11 de maio de 2017), propóñense as modificacións na RPT da Presidencia da Xunta de Galicia que se detallan neste documento.

En definitiva, a proposta de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia persegue actualizar o seu cadro de persoal para adaptalo á súa estrutura orgánica e adecuar os efectivos de persoal adscritos á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia para garantir o normal cumprimento das súas competencias e funcións.

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN

2. CREACIÓN DE POSTOS

3. OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA DA PRESIDENCIA

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, establece como novo órgano superior e de dirección dependente da Presidencia da Xunta de Galicia a Oficina de Coordinación Económica da Presidencia, que o Decreto 135/2024, do 20 de maio, configura como un órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con nivel orgánico de secretaría xeral e funcións de apoio e asesoramento en materia económica á Presidencia da Xunta de Galicia.

Como consecuencia desta creación e para o apoio ao secretario xeral, na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2025 figura dotado, coa liña orzamentaria 5823, un posto de secretario/a do secretario/a xeral con dotación económica para o subgrupo C1 e nivel 18.

A modificación do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, que se está a tramitar, amplía as funcións e competencias da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia polo que, en consecuencia, reforza tamén a súa estrutura, que ata o de agora tiña un carácter unipersoal, coa creación da Subdirección Xeral de Coordinación, Estudos e Seguimento que prestará apoio á persoa titular, creación que é necesario reflectir na Relación de Postos de Traballo.

Así mesmo, procédese á creación dun posto de xefatura de sección, creación directamente asociada á da Subdirección de Coordinación, Estudos e Seguimento, considerándose que é a dotación mínima de persoal coa que debe contar a dita subdirección para desenvolver as competencias que se lle atribúen, coa modificación do decreto 135/2024, do 20 de maio.

As características dos postos mencionados serán::

| TP | LIÑA | CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN | NIV/ CAT | FORMA PROV | SUBGR | CORPO/ ESCALA | ADSCR. ADM. P. | FORM. ESPEC. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F | 5823 | **PX.501.00.000.15770.001** | SECRETARIO/A DO/DA SECRETARIO/A XERAL | 18 | LD | C1-C2 | XERAL | A11 | 640 |
| F | | **PX.501.00.001.15770.001** | SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN, ESTUDOS E SEGUIMENTO | 30 | LD | A1 | XERAL | A11 | 640 |
| F | | **PX.501.00.001.15770.005** | XEFATURA DE SECCIÓN | 25 | C | A1-A2-C1 | XERAL | AXG | |

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

## 1.2. ASESORÍA XURÍDICA XERAL

1) O Decreto 48/2024, do 22 de abril, establece como novo órgano superior e de dirección dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, adscrito á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo.

   Como consecuencia desta creación e para o apoio ao secretario xeral, na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o 2025 figura dotado, coa liña orzamentaria 5824, un posto de secretario/a do secretario/a xeral con dotación económica para o subgrupo C1 e nivel 18.

   Faise necesario crear o posto nesta RPT coas características seguintes:

| TP | LIÑA | CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN | NIV/ CAT | FORMA PROV | SUBGR | CORPO/ ESCALA | ADSCR. ADM. P. | FORM. ESPEC. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F | 5824 | **PX.602.00.000.15770.001** | SECRETARIO/A DO/DA DIRECTOR/A XERAL | 18 | LD | C1-C2 | XERAL | A11 | 640 |

2) A Disposición derradeira primeira do Decreto 135/2024, do 20 de maio, modifica o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo. O apartado Nove establece unha nova disposición adicional segunda ao dito regulamento relativa á entrada en funcionamento do Gabinete de Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. No punto 2 da disposición fíxase que:

   "*O Gabinete contará co persoal letrado que se determine na correspondente relación de postos de traballo, coa consideración de letrado ou letrada especialista de sala. Este persoal estará adscrito organicamente ao Gabinete e poderá estar destinado nas localidades da Coruña ou Santiago de Compostela, de acordo co que estableza a relación de postos de traballo*".

   Con base no anterior procédese á creación de 3 postos de letrado/a especialista de sala, establecéndose o destino dos postos na localidade da Coruña, coas seguintes características:

| TP | LIÑA | CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN | NIV/ CAT | FORMA PROV | SUBGR | CORPO/ ESCALA | ADSCR. ADM. P. | FORM. ESPEC. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F | 3424 | **PX.699.10.001.15001.006** | LETRADO/A ESPECIALISTA DE SALA | 30 | LD | A1 | XSL | A11 | 640 |
| F | 3424 | **PX.699.10.001.15001.007** | LETRADO/A ESPECIALISTA DE SALA | 30 | LD | A1 | XSL | A11 | 640 |
| F | 3424 | **PX.699.10.001.15001.008** | LETRADO/A ESPECIALISTA DE SALA | 30 | LD | A1 | XSL | A11 | 640 |

   Estes postos financiaranse coas dotacións económicas existentes no Capítulo I do orzamento de gastos da Presidencia da Xunta de Galicia.

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

## 2. MODIFICACIÓNS DE POSTOS

### 2.1. CAMBIOS DERIVADOS DA PUBLICACIÓN DO DECRETO DE ESTRUTURA ORGÁNICA 135/2024

A Disposición derradeira primeira do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia modifica o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, establecendo:

- O cambio de centro de destino e de denominación do posto:

| CÓDIGO POSTO VELLO | CÓDIGO POSTO NOVO | DENOMINACIÓN POSTO ANTIGA | DENOMINACIÓN NOVA POSTO |
|---|---|---|---|
| PX.501.00.000.15770.080 | **PX.699.10.001.15001.005** | XEFATURA GABINETE ESTUDOS E DEREITO COMUNITARIO | XEFATURA GABINETE SALA CONTENC. ADMINISTRATIVO TSXG |

O cambio de centro de destino á localidade da Coruña figura especificado na disposición adicional segunda.1 do Regulamento antedito e o cambio de denominación vén derivado da modificación do artigo 12 da mesma norma.

- A adscrición á Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo dos postos:

  1) Gabinete de Asuntos Constitucionais e Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo (apartado 1.a do artigo 3.bis da modificación do Regulamento).

  2) Servizo de Asuntos Xerais (artigo 3.ter da modificación do Regulamento).

### 2.2 MEDIDAS DE HOMOLOGACION RETRIBUTIVA

A Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición adicional décimo quinta establece a equiparación económica dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia, dependentes funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, coa dos postos de letrada e letrado de nivel 30 de complemento de destino previstos na relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.

Os postos afectados na Presidencia da Xunta de Galicia son:

| CENTRO DIRECTIVO | CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE COMP. ESPECÍFICO |
|---|---|---|---|
| S. X. DA PRESIDENCIA | PX.101.00.003.15770.001 | ASESOR XURÍDICO | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.050 | LETRADO/A-XEFE/A GABINETE SANTIAGO | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.052 | XEFATURA GABINETE DEFENSA XURISDICIONAL | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.070 | XEFATURA GABINETE ASESOR. E APOIO A ACTUAL. NORMA | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.090 | LETRADO/A ESPECIALISTA XURISDICIÓN CIVIL E PENAL | 30.193,94 |

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.091 | LETRADO/A ESPECIALISTA FUNCION PÚBLICA E LABORAL | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.15001.001 | LETRADO/A-XEFE | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.001.15001.005 | XEFATURA GABINETE SALA CONTENC.-ADMINISTRATIVO TSXG | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.001.15001.006 | LETRADO/A ESPECIALISTA DE SALA | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.001.15001.007 | LETRADO/A ESPECIALISTA DE SALA | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.001.15001.008 | LETRADO/A ESPECIALISTA DE SALA | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.27001.001 | LETRADO/A-XEFE | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.32001.001 | LETRADO/A-XEFE | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.36001.001 | LETRADO/A-XEFE | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.36560.001 | LETRADO/A-XEFE | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.602.00.000.15770.010 | XEFATURA GABINETE ASUNTOS CONSTITUCIONAIS | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.602.00.000.15770.015 | XEFATURA GABINETE DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.602.00.000.15770.020 | LETRADO/A ESPECIALISTA MELLORA CALIDADE NORMATIVA | 30.193,94 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.602.00.000.15770.021 | LETRADO/A ESPEC. ASESOR. E APOIO Á PRODUC. NORMATIVA | 30.193,94 |

Así mesmo, establece que os complementos específicos dos postos de traballo da escala de letradas e letrados da Xunta de Galicia de nivel 28 experimentarán unha adecuación retributiva que garanta que as retribucións totais experimentarán unha variación igual en termos porcentuais á experimentada nas retribucións totais dos postos de nivel 30 da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia.

Os postos afectados na Presidencia da Xunta de Galicia son:

| CENTRO DIRECTIVO | CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE COMP. ESPECÍFICO |
|---|---|---|---|
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.012 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.013 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.014 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.015 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.601.00.000.15770.016 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.15001.002 | LETRADO/A | 23.444,12 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.15001.003 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.15001.004 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.15001.005 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.15001.006 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.27001.002 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.32001.002 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.36001.002 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.36001.003 | LETRADO/A | 23.444,12 |
| ASESORÍA XURÍDICA | PX.699.10.000.36001.004 | LETRADO/A | 23.444,12 |

### 2.3 CAMBIO DE FORMA DE PROVISIÓN DE POSTOS

| CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | FORMA PROVISIÓN ACTUAL | NOVA FORMA PROVISIÓN |
|---|---|---|---|
| **PX.102.00.001.15770.150** | XEFATURA SERVIZO TRADUCIÓN E APOIO EDICIÓN DO DOG | CONCURSO ESPECÍFICO | LIBRE DESIGNACIÓN |
| **PX.102.00.001.15770.175** | XEFATURA SECCIÓN DOG | CONCURSO | LIBRE DESIGNACIÓN |

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no artigo 91 que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente.

En aplicación dos preceptos da citada Lei 2/2015, a Dirección Xeral da Función Pública ditou a Resolución do 25 de febreiro de 2016, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 44, do 4 de marzo de 2016).

Adscritos á Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación, dependente da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia, atópanse os postos PX.102.00.001.15770.150 (Xefatura Servizo Tradución e Apoio Edición do DOG) e PX.102.00.001.15770.175 (Xefatura Sección DOG).

A elaboración e edición dun diario oficial require coñecementos, experiencia e capacidade en aspectos que aseguren, por unha banda, o mantemento dos estándares legais e técnicos requiridos para ese tipo de publicación. E, por outra, que as persoas que asumen a responsabilidade do tratamento e revisión previa dos textos aseguren a integridade e veracidade da información que se vai publicar.

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

Por iso, de conformidade co establecido na instrución cuarta, da antedita Resolución do 25 de febreiro de 2016, indícanse a continuación as razóns que xustifican o cambio da forma de provisión dos postos PX.102.00.001.15770.150 (Xefatura Servizo Tradución e Apoio Edición do DOG) e PX.102.00.001.15770.175 (Xefatura Sección DOG), para a libre designación:

1. Especial responsabilidade (apartado 1 da instrución cuarta)

1.1 Dispoñibilidade

Con carácter xeral, o DOG publícase diariamente de luns a venres, salvo os días declarados inhábiles no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ou no municipio onde radique a sede central do DOG.

Non obstante, unha vez publicada unha edición, por instancia da Secretaría Xeral, poderase publicar o mesmo día un anexo á edición electrónica do DOG, e así mesmo pódese dispor a publicación do diario algún dos días exceptuados da publicación con carácter xeral, (sábados ou domingos), sería o caso dos DOG extraordinarios.

Salientar que, tal e como demostra a experiencia, poden darse circunstancias nas que resulte necesario publicar un gran número de DOG en días non habituais, o que fai necesario garantir a dispoñibilidade e, nalgúns casos, ata a presencialidade, das persoas que ocupan os dous postos de responsabilidade no Diario Oficial (xefatura de servizo e xefatura de sección).

1.2 Deber de reserva

As persoas que ocupen as ditas xefatura de servizo e xefatura de sección teñen acceso a ampla información de relevancia, con carácter previo á súa publicación oficial no diario, o que require o máximo deber de reserva, cautela e sixilo profesional, por enriba do esixido de forma xeral a calquera outro persoal.

Ademais, nalgúns casos, requírese que tomen decisións de forma rápida e autónoma sobre determinadas publicacións valorando a súa prioridade ou urxencia, en función de prazos, esixencias legais ou razóns de oportunidade, o que tamén leva implícito un maior nivel de responsabilidade.

Todo isto xustifica a necesaria dispoñibilidade, responsabilidade e peculiaridade dese persoal.

2. Protección de datos de carácter persoal (apartado 5 da instrución cuarta)

A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sala Terceira) do 11 de xaneiro de 2024 en relación co concepto de «responsable del tratamiento», contemplado no artigo 4, punto 7, do Regulamento xeral de protección de datos relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE declara:

*"1) El artículo 4, punto 7, del Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), debe interpretarse en el sentido de que el servicio u organismo encargado del diario oficial de un Estado miembro, que está obligado, en particular, en virtud de la legislación de ese Estado, a publicar tal como están actos y documentos oficiales preparados por terceros bajo su propia responsabilidad con arreglo a las normas aplicables y presentados posteriormente ante una autoridad judicial que se los remite para su publicación, puede ser calificado, pese a su falta de personalidad jurídica, de «responsable del tratamiento» de los datos personales que figuran en esos actos y documentos, cuando el Derecho nacional de que se trate determine los fines y medios del tratamiento de datos personales efectuado por ese diario oficial.*

*2) El artículo 5, apartado 2, del Reglamento 2016/679, en relación con los artículos 4, punto 7,y 26, apartado 1, de este, debe interpretarse en el sentido de que el servicio u organismo encargado*

BORRADOR

*del diario oficial de un Estado miembro, calificado de «responsable del tratamiento», en el sentido del artículo 4, punto 7, de dicho Reglamento, es el único responsable del cumplimiento de los principios contemplados en el artículo 5, apartado 1, de este en lo que atañe a las operaciones de tratamiento de datos personales que debe realizar en virtud del Derecho nacional, a menos que de ese Derecho se derive la corresponsabilidad con otras entidades respecto de esas operaciones".*

Á vista do indicado, o persoal que ocupa tanto o servizo como a sección debe asumir unha especial responsabilidade respecto do tratamento de datos, non só da administración autonómica, senón de calquera outro organismo público ou entidade que publique información que conteña datos persoais no Diario Oficial.

Por todo o anterior, considérase xustificado o cambio na forma de provisión da Xefatura de Servizo de Tradución e Apoio Edición do Diario Oficial de Galicia e da Xefatura de Sección do Diario Oficial de Galicia, de acordo co establecido na Resolución do 25 de febreiro de 2016.

### 2.4 CAMBIOS DE CENTRO DE DESTINO E DE CODIFICACIÓN DOS POSTOS:

| CÓDIGO POSTO VELLO | CÓDIGO POSTO NOVO | DENOMINACIÓN DO POSTO | NOVO CENTRO DESTINO |
|---|---|---|---|
| PX.501.00.000.15770.092 | **PX.602.00.000.15770.020** | LETRADO/A ESPECIALISTA MELLORA CALIDADE NORMATIVA | DIR. XERAL ASUNTOS CONSTITUCIONAIS E DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO |
| PX.501.00.000.15770.093 | **PX.602.00.000.15770.021** | LETRADO/A ESPEC. ASESOR. E APOIO Á PRODUC. NORMATIVA | |

O cambio de centro de destino á Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo vén determinado polas funcións de ambos postos, directamente relacionadas coas do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo que pola modificación do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, xa mencionado anteriormente, pasa a adscribirse a esta Dirección Xeral.

### 2.5. CAMBIOS DE CODIFICACIÓN DE POSTO

#### 2.5.1. ASESORÍA XURÍDICA XERAL

A creación no Decreto 48/2024 da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia como un novo órgano superior e de dirección dependente da Presidencia da Xunta de Galicia provoca, para manter a orde dos órganos fixada no dito Decreto, a modificación dos códigos de posto da Asesoría Xurídica Xeral pasando da codificación iniciada con "PX501 e PX599" á codificación con inicio en "PX601, 602 (para os postos adscritos á D. X. de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo) e PX699"

### 2.5.2. DELEGACIÓNS TERRITORIAIS

Procédese á modificación dos códigos de todos os postos das Delegacións Territoriais pasando dos códigos iniciados en "PR.C99" aos iniciados como "PX.C99".

## 2.6 OBSERVACIÓNS EN POSTOS

### 2.6.1 MODIFICACIÓNS OBSERVACIÓNS POSTOS DA S.X. DA PRESIDENCIA

Faise necesario, para adecualos á súa situación actual, o cambio nas observacións dos postos de traballo que a continuación se sinalan:

| CÓDIGO POSTO | DENOMINACIÓN | OBSERVACIÓN ACTUAL | MODIFICACIÓN DA OBSERVACIÓN |
|---|---|---|---|
| **PX.101.00.001.15770.010** | PORTEIRO/A MAIOR | POSTO SITUADO NO COMPLEXO RESIDENCIAL MONTE PÍO. // ESPECIAL DEDICACIÓN. // TAREFAS DE CONDUCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO. | ESPECIAL DEDICACIÓN. // TAREFAS DE CONDUCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO. |
| **PX.101.00.001.15770.011** | PORTEIRO/A MAIOR | XORNADA DE TARDE // POSTO SITUADO NO COMPLEXO RESIDENCIAL MONTE PÍO. // ESPECIAL DEDICACIÓN. // TAREFAS DE CONDUCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO. | XORNADA DE TARDE // ESPECIAL DEDICACIÓN. // TAREFAS DE CONDUCIÓN ADEMAIS DAS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO. |

### 2.6.2 DESLOCALIZACIÓN DE POSTOS NA ASESORÍA XURÍDICA XERAL

A disposición derradeira cuarta do proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, engade os números 3 e 4 ao artigo 7 do Regulamento Orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, coa seguinte redacción:

*"3. A adscrición dos postos de letrado aos correspondentes órganos nas relacións de postos de traballo entenderase, en todo caso, sen prexuízo dos desprazamentos e presenza física que sexan necesarios para asegurar a adecuada realización das funcións contenciosas ou consultivas noutras localidades diferentes da sede do órgano.*

*4. Atendendo á natureza das funcións contenciosas e consultivas de asistencia xurídica, coa finalidade de acadar a máxima eficacia na prestación dos servizos e eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, nas relacións de postos de traballo poderán determinarse aqueles postos de traballo que se consideren susceptibles de deslocalización polas características da súa prestación e medios dispoñibles. A deslocalización implicará que a prestación presencial dos servizos por parte das persoas que ocupen os referidos postos de traballo poida desenvolverse nas dependencias físicas doutra localidade diferente á da sede do correspondente órgano.*

BORRADOR

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

*Nestes casos, a deslocalización do posto de traballo acordarase mediante resolución do órgano competente en materia de persoal da Asesoría Xurídica Xeral, previo informe, no seu caso, do órgano no que estea integrado organicamente o posto de traballo, e previa solicitude da persoa que ocupe o indicado posto, atendendo en todo caso á garantía das necesidades do servizo e aos espazos efectivamente dispoñibles. A dita resolución expresará as condicións da deslocalización, que se entenderá sen prexuízo da presenza física que sexa necesaria na sede do correspondente órgano para asegurar a indicada prestación do servizo, incluíndo as reunións cos órganos asistidos e coa Asesoría Xurídica Xeral a efectos de coordinación, así como, no seu caso, sen prexuízo dos desprazamentos a outras localidades que veñan esixidos pola realización das correspondentes funcións contenciosas ou consultivas."*

Con base no anterior, procédese a engadir na RPT a observación relativa á devandita deslocalización nos postos que de seguido se detallan:

<table>
<tr><th>CÓDIGO POSTO</th><th>DENOMINACIÓN</th><th>OBSERVACIÓN</th><th>MOTIVACIÓN</th></tr>
